

Efectos das mareas negras



Os efectos dunha marea negra dependen do tipo de vertido, da cantidade liberada, da dinámica do mar e da distancia á costa, pero sempre crean unha capa case impermeable entre a auga e atmosfera que impide o intercambio de gases auga-aire, que fai diminuír a cantidade de osíxeno disolto e dificulta a respiración dos seres, así como a penetración da luz, o que imposibilita a fotosíntese dos vexetais.



Adela Leiro
Mon Daporta

Efectos do petróleo na vida do mar

Os mamíferos mariños perden a capacidade illante da pel e teñen dificultades para respirar

Os organismos microscópicos imprégnanse e morren, ou trasmiten os tóxicos ao resto da cadea alimentaria, na que estamos incluídas as persoas

As aves perden a capacidade de illamento das plumas e morren de frío e de fame, ou intoxicadas

A economía das persoas vese gravemente alterada pola falta de recursos.

Os barcos e os aparellos sofren danos.

Os peixes fuxen ou morren por intoxicación

O petróleo forma unha capa na superficie que impide o paso da luz. As algas non poden alimentarse nin respirar

O petróleo impregna e contamina os sedimentos durante varios anos

As especies sedentarias (percebes, mexillóns, ostras, lapas...) Morren por intoxicación e asfixia.

Os efectos da contaminación permanecen no ambiente e na cadea alimenticia durante anos




Os moluscos bivalvos son animais sedentarios filtradores que teñen moi baixa capacidade de eliminación dos tóxicos.



Os animais que conteñen hidrocarburos, aínda en cantidades pequenas, experimentan un cambio no seu olor e sabor que fai que sexan rexeitados polos consumidores.



As mareas negras provocan un aumento considerable de mamíferos mariños que aparecen mortos nas praias.



Os hidrocarburos afectan as partes aéreas das plantas da beiramar que, en moitos casos, non se recuperan.

As aves mariñas son especialmente sensibles aos efectos das mareas negras porque quedan sen alimento e perden a súa capacidade para illarse e desprazarse.



Os hidrocarburos son tóxicos para o ser humano. A ingestión pode producir irritacións nas vías respiratorias e o aparello gastro-intestinal, mareos, atordamento e dor de cabeza. A inhalación lesiona os capilares e o tecido pulmonar. O contacto pode producir irritación da pel e dos ollos. Algúns compoñentes poden producir cancros.